



A importancia da podoloxía nun rabaño gandeiro

A industria da gandería acostumouse a ver coma un feito normal as coxeiras no seu rabaño sen importar a dor e o confort cando un animal sofre esta problemática. O que se descoñece ou se pasa por alto é o impacto real cando dentro da granxa existe certa prevalenza de coxeiras. Analizámolo nas seguintes páxinas.

Juan Diego Cadavid G.¹, María Antonia Jaramillo V.²

¹Podólogo bovino especializado, Instituto de Coidado de Pezuños, Dairyland, MVZ Universidade CES, Wisconsin (EE. UU.)

²Podóloga bovina especializada, MVZ Universidade CES, Confort Bovino Podología Especializada



As claudicacións ou coxeiras teñen un impacto directo na **produtividade e no rendemento** do animal, sen importar se é gando comercial, gandería especializada ou exposición (*show*), e as consecuencias afectan directamente a economía da empresa.

Preto dun **98 %** dos problemas danse na parte baixa da extremidade do animal; para sermos máis concretos, **no pezuño**, e o 2 % restante na parte alta, é dicir, xarretes, anca, cadeira, ombreiros etc. Agora ben, entendamos un pouco o contexto do que está a ocorrer cando o bovino claudica.

O pezuño do bovino é unha pequena e moi importante estrutura anatómica que se compón de varias pezas clave que articulan en condicións normais, o que dá como resultado un correcto funcionamento.


Entre elas, están as seguintes:

- estoxo córneo (parede dura)
- ósos (falanxes)
- tecido vascularizado (corion)
- almofadiña dixital (amortecemento)
- fibras de coláxeno, tendóns e ligamentos

Todas as partes mencionadas encárganse de soste-lo peso corporal do animal, regulando as forzas e presións para que este poida executar unha adecuada locomoción. Ao tempo, esta estrutura é a interface entre o corpo do bovino e o chan, facendo ás veces de órgano protector, xa que o medio se volveu moi esixente para os nosos animais debido aos sistemas de produción aos que os adaptamos.

Porén, manexos do gando inadecuados como percorrer longas distancias dende e cara ao muxido, camiñar sobre superficies de cemento, camiños agresivos e/ou abrasivos,

exceso de humidade, entre outros, son contraproducentes e, como consecuencia, comezan a presentarse danos anatómicos irreversibles dentro do pezuño, o que trae como resultado animais que senten dor ao se desprazaren.



Anatomía dunha pata

► O CRONOGRAMA E A RUTINA DUN RECORTE DE PEZUÑOS PARA PREVER COXEIRAS E DARLLE CONFORT AO BOVINO SON FUNDAMENTAIS E DÉBENSE IMPLEMENTAR SEGUNDO O ENFOQUE PRODUTIVO QUE TEÑA CADA GANDERÍA

Co fin de reducir o dano, é importante que profesionais capacitados realicen podoloxías preventivas funcionais, xa que se debe equilibrar a distribución de peso entre as dúas dedas, restablecer o ángulo óptimo do pezuño (52°), nivelar a sola xerando área ampla de apoio e formar un oco axial para evitar a presión excesiva sobre a terceira falanxe.

O cronograma e a rutina dun recorte de pezuños para previr coxeiras e darlle confort ao bovino son prácticas fundamentais e débense implementar segundo o enfoque produtivo que teña cada gandería (táboa 1).

Cando revisamos datos a nivel mundial, encontramos que existe unha prevalenza alta de coxeiras na gandería, debido a que, culturalmente ou por descoñecemento, somos tolerantes á dor dos animais e non instauramos programas rutinarios preventivos, ignorando que as coxeiras representan unha das tres principais perdas económicas na gandería, o que provoca o aumento dos custos de produción e a diminución do benestar e rendemento tanto produtivo coma reprodutivo.

Na actualidade, xa existe unha corrente de profesionais dedicados ao estudo, á investigación e ao tratamento das patoloxías.

Esta rama da medicina veterinaria está a traballar arduamente para diminuír os “números vermellos”

arroxados polas estatísticas, sempre dende a prevención, así como na atención dos pacientes con procedementos médicos adecuados, con bos resultados na cicatrización das lesións.

Como podólogos expertos, cando abordamos un bovino claudicando, o primeiro de todo é necesario analizar o *score* de locomoción, que, basicamente, é a observación dos signos de dor, identificando a extremidade comprometida, o díxito e a zona desta, tamén o seu posterior procedemento con ferramentas de calidade. De xeito adicional, usamos dispositivos ortopédicos como tacóns (*blocks*) ou plantillas e vendaxes curativas se fose necesario. Para estas prácticas é clave e de vital importancia contar con técnicas e terapias médicas, bretes de suxeición, ferramentas, asepsia etc.

CONCLUSIÓN

Para obter resultados óptimos en todo o correspondente á saúde podal, é primordial adquirir coñecemento por parte de todos os que estamos rodeando as nosas vacas (gandeiros, veterinarios, técnicos e operarios), educándonos para darlles sempre o mellor aos nosos animais. ■



Figura 1. Perdas económicas debido ás coxeiras



Táboa 1. Programa de podoloxía preventiva segundo o tipo de explotación

Tipo de explotación	Frecuencia
Gando tipo leite	Antes do secado e no posparto, 80-120 días en leite
Gando tipo carne	Polo menos 1 recorte por ano
Gando de show	Polo menos cada 60 días. Condicións de estabulación e manexo, considerando o número de feiras ás que estes animais asisten no ano